

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA,
O INEGA E A FUNDACIÓN COLEGIO DE NUESTRA SEÑORA DE LA ANTIGUA
PARA O PROXECTO DE ILUMINACIÓN INTERIOR DA PINACOTECA DO
COLEXIO DA NOSA SEÑORA DA ANTIGA, EN MONFORTE DE LEMOS**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co INEGA e coa Fundación Colegio de Nuestra Señora de la Angigua o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o establecemento das condicións para a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia, o INEGA e a Fundación Colegio de Nuestra Señora de la Antigua para o proxecto de iluminación interior da pinacoteca do Colexio da Nosa Señora da Antiga.

A Fundación deberá solicitar as autorizacións que, no seu caso, resulten preceptivas segundo a normativa de patrimonio cultural, sen que a sinatura do presente convenio implique autorización ningunha.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, é a entidade pública instrumental da Comunidade Autónoma de Galicia á que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de coordinación, impulso, xestión e execución das actividades de promoción do turismo, e para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un



decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

Segundo.- O Instituto Enerxético de Galicia promove o uso racional da iluminación artificial, asegurando un uso eficiente da enerxía e poñendo en práctica medidas contra a contaminación luminosa evitando impactos innecesarios contra a vida na natureza e no patrimonio.

Terceiro.- A Fundación Colexio Nosa Señora da Antiga é unha fundación dedicada á educación de nenos e xoves, que conta cun recoñecemento histórico acreditado, e non ten ánimo de lucro.

O Colexio da Nosa Señora da Antiga é tamén coñecido como o Colexio do Cardeal (polo seu construtor) ou Colexio da Compañía (polos seus rexedores) e alcumado popularmente como o "Escorial Gallego" pola magnitude do edificio. Foi construído entre finais do século XVI e principios do XVII, baixo o patrocinio do Cardeal Rodrigo de Castro para que, rexentado pola Compañía de Jesús, servira para a educación da comarca e de toda Galicia. Desde o ano 1873 o colexio é dirixido polos Pais Escolapios.

O conxunto monumental, situado nunha gran chaira no centro de Monforte, está formado polo edificio do colexio coa fachada de estilo renacentista herreriano, a Igrexa da nosa Señora da Antiga, o claustro e o museo. A igrexa alberga importantes obras de arte das que destaca o retablo maior feito en madeira de nogueira por Francisco de Moure a comezos do século XVII e a estatua do cardeal Rodrigo de Castro fundida en bronce, obra do escultor Juan de Bolonia.

O museo, instalado na antiga sancristía, conta cunha pequena colección de pezas fáciles polo cardeal entre as que cabe destacar as valiosas pezas bibliográficas, a documentación e os ornamentos litúrxicos, pero a maior xoia do museo é a súa pequena pinacoteca que conta con dous óleos do Greco e cinco táboas de Andrea do Sarto, a mais de outras de menor importancia..

Cuarto.- O Plan Estratéxico do Turismo de Galicia 2020, na súa liña estratéxica 2: valores diferenciadores e a súa potenciación, prevé que o patrimonio material e inmaterial, a nosa cultura e o termalismo son recursos e valores que nos diferencian e vertebran unha



experiencia turística propia e singular. Estes valores están asociados univocamente con Galicia, xerando a dimensión turística da marca. A enogastronomía como recurso transversal, como parte tamén do noso acervo cultural, no que os produtos de proximidade forman a base na que traballa unha cociña cada vez mais recoñecida internacionalmente. Ademais, continuamos sendo un territorio caracterizado pola calidade e autenticidade, o que nos outorga un gran potencial como destino de slow tourism.

O conxunto monumental do Colexio da Nosa Señora da Antiga, fundamentalmente o museo polo indicado anteriormente, constitúen un recurso turístico de relevancia non só para Monforte de Lemos senón para toda a Comunidade Autónoma de Galicia.

Que a través deste convenio, outórgase á Fundación Colexio Nosa Señora da Antiga unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela
A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

